



Nota de prensa

Nova mostra de solidariedade

EROSKI E OS SEUS CLIENTES RECADAN MÁIS DE 1.200 TONELADAS DE ALIMENTOS A PROL DOS BANCOS DE ALIMENTOS

- Nesta edición da tradicional Gran Recollida os clientes fixeron doazóns físicas e mais económicas de alimentos entre o 25 de novembro e o 6 de decembro
- Os Bancos de Alimentos poderán adquirir coas doazóns económicas realizadas polos clientes ao pasaren por caixa os alimentos que consideren máis convenientes e necesarios e que permitirán cubrir as necesidades básicas de alimentación de centos de familias durante todo o ano
- EROSKI colabora dende hai máis de 20 anos coa Federación Española de Bancos de Alimentos (FESBAL)

Elorrio, 23 de decembro do 2022.- [EROSKI](#) e mais os seus clientes recadaron 1.200 toneladas de alimentos a prol da [Federación Española de Bancos de Alimentos \(FESBAL\)](#) na súa tradicional campaña solidaria da Gran Recollida que tivo lugar entre o 25 de novembro e o 6 de decembro en máis de 1.000 establecementos da súa rede comercial. A cifra equivale a 4,9 millóns de comidas para 1.353 familias.

Nesta ocasión, logo de dous anos nos que por mor da pandemia de COVID-19 non puido haber recollida física de alimentos, os clientes doáronlles produtos aos voluntarios dos Bancos de Alimentos o 25 e mais o 26 de novembro. Ademais, como xa fixeron en anteriores campañas, os consumidores colaboraron doando o importe que desexaban ao pasaren por caixa. Como en anteriores campañas, EROSKI engadiu unha doazón adicional ao total recollido na campaña.

A cantidade obtida a través das achegas económicas queda á disposición dos Bancos de Alimentos asociados a FESBAL para adquiriren os alimentos que consideren máis convenientes e necesarios e que permitirán cubrir as necesidades básicas de alimentación de centos de familias durante todo o ano.

"Unha vez máis queremoslles agradecer aos nosos clientes a xenerosidade e o apoio amosado nesta edición, que volveu incluír doazóns físicas de produto nas nosas tendas, xunto coas achegas económicas ao pasar por caixa, como parte do noso firme compromiso para contribuír a unha sociedade máis xusta e solidaria", afirma o director de Saúde e Sustentabilidade de EROSKI, Alejandro Martínez Berriochoa.

"Queremos agradecer de novo a colaboración de EROSKI con FESBAL nunha situación tan difícil coma a que estamos a vivir. Foi todo un éxito esta campaña na que xuntamos a recollida física tradicional coa doazón virtual e que nos permite

EROSKI

Dirección de Comunicación Corporativa
KRISTIAN PRIETO

Tel: 946 211 214

comunicacion@eroski.es

EROSKI – OFICINA DE PRENSA

CONSEJEROS DEL NORTE

JOANA G. LANDAZABAL

EDURNE IZQUIERDO

Tel: 944 158 642

[Sala de prensa online](#)



adquirir produtos alimenticios que posteriormente distribuimos, a través das entidades benéficas coas que colaboramos, aos colectivos máis desfavorecidos e necesitados", sinala o director xeral da Federación Española de Bancos de Alimentos, D. Francisco Greciano.

Máis de 20 anos colaborando cos Bancos de Alimentos

A colaboración de EROSKI cos Bancos de Alimentos remóntase a 1996 por proposta do Banco de Alimentos de Biscaia e dos propios consumidores, que lle demandaban á cooperativa iniciativas solidarias dirixidas a colectivos desfavorecidos e a persoas en risco de exclusión social. Así naceron ese mesmo ano as campañas "Operación Quilo" de recollida de alimentos nas tendas EROSKI.

Posteriormente, EROSKI iniciou o seu programa de doazón de alimentos envasados próximos á súa data de consumo preferente, pero aínda aptos para o seu consumo con total seguridade alimentaria, grazas ao que doa máis de 5.000 toneladas de alimentos cada ano.

EROSKI foi recoñecida co "Premio Espiga de Ouro", o máximo galardón que outorga a Federación Española de Banco de Alimentos a aquelas organizacións que destacan pola súa colaboración na redistribución solidaria dos excedentes alimentarios.

EROSKI

Dirección de Comunicación Corporativa
KRISTIAN PRIETO

Tel: 946 211 214

comunicacion@eroski.es

EROSKI – OFICINA DE PRENSA CONSEJEROS DEL NORTE

JOANA G. LANDAZABAL
EDURNE IZQUIERDO

Tel: 944 158 642

[Sala de prensa online](#)